

O MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE CAMBRE, EPICENTRO DAS LOITAS POLAS RENDAS E DEREITOS ECLESIÁSTICOS ENTRE OS SÉCULOS XV E XVI.

Javier García Gómez
terradefaro@hotmail.com

Resumo

Achegamos un pequeno traballo sobre os preitos e procesos xudiciais acometidos entre os poderes eclesiásticos da Colexiata de Santa María do Campo, da man do seu prior e reitor Fernando Bermúdez de Castro; e o mosteiro compostelán de San Martiño Pinario, polos dereitos e rendas do mosteiro de Santa María de Cambre, no contexto da reforma monástica observante decretada polos Reis Católicos a finais do século XV.

Palabras clave

Reforma Observante século XV, Colexiata de Santa María do Campo, Fernando Bermúdez de Castro, Mosteiro de San Martiño Pinario, Mosteiro de Santa María de Cambre.

Abstract

We present a short article on the lawsuits and legal proceedings brought between the ecclesiastical powers of the Collegiate Church of Santa María del Campo, led by its prior and rector Fernando Bermúdez de Castro; and the Compostela monastery of San Martiño Pinario, for the rights and income of the monastery of Santa María de Cambre, in the context of the observant reform decreed by the Catholic Monarchs at the end of the 15th Century.

Keywords

Observant Reform 15th century, Santa María del Campo Collegiate Church, Fernando Bermúdez de Castro, San Martiño Pinario monastery, Santa María de Cambre monastery.

Introducción

O obxectivo proposto con este traballo é achegar algo de luz a unha etapa escura e confusa na historia do mosteiro de Santa María de Cambre, o transcorrido entre as derradeiras **décadas do** século XV e as primeiras do XVI, a través da investigación e desenrolo das referencias historiográficas e fontes documentais dispoñibles para este espazo temporal, que limita o fin do período medieval e o comezo da Idade Moderna. Neste contexto histórico-cronolóxico, aproveitando a confusión xerada pola reforma das institucións monásticas en Galicia ordenada polos Reis Católicos, a Colexiata de Santa María do Campo da cidade da Coruña, da man do seu abade e arcediago de Nendos, Fernando Bermúdez de Castro, intentará acadar para o seu dominio a posesión do mosteiro de Santa María de Cambre, ata ese momento dependente de San Paio de Antealtares. Analizaremos os procesos previos de anexión, preitos e procedementos xudiciais, intervencións institucionais da monarquía e o papado de Roma, secuestro dos bens e rendas, inventario das posesións e descripción das dependencias deste


mosteiro, ata acadar a consecución dunha resolución definitiva á citada pretensión das partes.

Dependencia de San Paio de Antealtares

O mosteiro de Santa María de Cambre, fundado arredor da segunda metade do século IX e comezos do X, nun outeiro no que se asentaba unha *villae* romana de certa importancia, foi doado polos descendentes dos patróns fundadores ó mosteiro compostelán de Antealtares, mediante documento datado o 16 de agosto de 932. Xa nesta época era notoria a importancia deste primitivo cenobio, pois está asinado por personaxes de primeira orde como o rei Ramiro II, os bispos Branderico, Hermoixildo e o compostelán Hermenexildo, San Rosendo, ou os condes Nuño e Gutierre Osoriz, incluíndo no citado documento o acoutamento polo monarca do seu territorio xurisdiccional.

Prefata villa Calambre cum suis adiacenciis et prestacionibus per suos terminos et loca antiqua [...] uel cui post obitum uestrum ipsas scripturas et ipsos testamentos relinqueritis, abbatibus, scilicet, [...] et monachis in eodem Antealtarium monasterio subcedentibus, nichil ex hoc heredes consanguinei accipient, sed secundum illi statuerunt firmiter atque irrevocabiliter obtineant iure perhenni¹.

1 ARG, Colección de documentos en pergamiño, sign. 1188. Copia de mediados do século XIII en tipografía carolina. 932, agosto, 16. *Era DCCCCLXXX. Gutier e Aloito, fillos de Nuño e Visteverga, e netos de don Aloito, fundador coas súas irmás Vistiverga e Urraca Odrocia do mosteiro de Cambre, confirman a súa fundación, dotación e lindeiros, e ofrécenlo ó mosteiro compostelán de Antealtares con todas as súas propiedades, dereitos, dotacións de igrexas e bens.*



ARG. Doazón do mosteiro de Cambre a Antealtares de Compostela. Confirmantes. 932.

A documentación xerada nos séculos posteriores confirma esta dependencia do mosteiro compostelán. O 23 de setembro de 1141, o monarca Alfonso VII asina en Compostela a concesión ó mosteiro de Antealtares, xunto co de Cambre, da xurisdición exenta para as igrexas de San Xiao de Cela e Santa María de Cambre, delimita os seus coutos e confirma todas as súas posesións; *dono et concedo monasterio Antealtariorum [...] aecclesiae beatae Mariae Uirginis, quae est fundata in loco uocitato Calambre uocem regiam*².

Unha das mais importantes familias da nobreza galega medieval, os Traba, certifican as súas preferencias polo mosteiro de Cambre. Neste sentido, un documento datado o 25 de marzo de 1182, confirma unha vez mais a dependencia de Antealtares, no que Urraca González, con licencia do seu marido don Froila Ramírez, do seu irmán o conde don Gómez, e a súa filla Teresa, concerta unha concordia co abade do mosteiro compostelán para a cesión durante a súa vida do mosteiro de Cambre e as igrexas de San Xiao de Cela e San Xoán de Pravia, entre outras, pagando cada ano cen soldos para o sostemento do claustro; *monasterii Antealtarium abbati et omni conuentui monachorum eiusdem loci*

² Lucas Álvarez, 2001: 184-185. Documento 9.

presentium et futurorum et omni uoci uestre facio pactum et placitum [...] monasterium sancte Marie de Calambrío³.

Todos os rexistros documentais de contratos de foro sobre posesións de Cambre, son asinados en representación do mosteiro de Antealtares, pero a partir do século XIV comezan a xurdir as discrepancias por motivos xurisdicionais e de competencias. Das Cortes de Soria procede un documento de acusación presentado por Antealtares en 1380, acusando ós nobres Martín Sánchez das Mariñas, Roi Sordo e outros, de tomar en encomenda as súas posesións; [...] *sus cotos e logares de Cahambre et de Çela et de Meygigio et de Praveo et de Morás et el señorío dellos⁴.*

En 1402, o rexedor da Coruña, Ares Álvarez, fai repartimento ó couto de Cambre para gastos e servizos de veciños coa finalidade de servir nas guerras do monarca Enrique III, alegando estes a exención por non pertencer á xurisdición real⁵. Este litixio perdurará varias décadas, amparándose na confirmación do monarca Juan II de 1398, dos privilexios outorgados polos seus antecesores ó mosteiro de Cambre. O monxe frei Martín Rodríguez envía requerimento en 1410 ós rexedores sobre este repartimento, advertindo que desde tempo inmemorial non teñen obriga de prestar ese servizo; revogación confirmada en 1413 confirmando que son vasalos do mosteiro⁶. A Real Audiencia de Galicia dita sentencia en 1425, no preito sostido entre Nuño Freire de Andrade e o representante dos coutos de Cambre, Bribeas e Morás, Gonzalo Afonso de Palma, sobre o citado repartimento dos pedidos da monarquía, sentenciando que deben empadroarse e rexistrarse na terra de Trastamara en detrimento do partido da Coruña⁷.

A pesar dos privilexios reais sobre exencións confirmados ós habitantes do couto de Cambre, o magnate nobiliario Gómez Pérez das Mariñas, señor das casas de Mesía e Moscoso, patróns laicos deste cenobio, comenzará un litixio

3 Lucas Álvarez, 2001: 192-193. Documento 15.


4 Lucas Álvarez, 2001: 205. Documento 25.

5 AHD. San Martín, c. 33, M. 77/2, f. 289r.

6 AHD. San Martín, c. 33, M. 77/1, f. 288v.

7 AHD. San Martín, c. 33, M. 78/22, f. 347r.

en 1434 cos representantes e administradores do mosteiro de Antealtares, polos dereitos sobre as rendas deste priorado⁸. Poucos anos despois, en 1454, o mosteiro vese na obriga de ceder e encomendar a dito señor das Mariñas o priorado e couto de Cambre, que renovará en idénticas condicións en 1476 á súa viúva, Teresa de Haro, a cambio de garantir a súa defensa e protección⁹. Como vemos, o mosteiro de Cambre acada durante varios séculos un gran protagonismo nos eidos socioeconómico, político e relixioso no epicentro do territorio de Nendos.



Sepulcros de dignidades eclesiásticas en San Xoán de Anceis (esquerda) e Santa María de Vigo (Cambre).

8 AHD. San Martín, c. 12/551, f. 422r.

9 AHUS. Clero II, leg. 819, Índice de foros VI, Libro 29 D de foros, f. 151.

A Reforma Observante

A finais do século XV prodúcese unha profunda transformación no secular monacato beneditino, a coñecida como reforma *observante*, que marcará os límites entre as épocas medieval e moderna nos territorios gobernados polos Reis Católicos; e que suporá a supresión de gran número de mosteiros e a súa integración, no caso que nos ocupa, na congregación de San Benito de Valladolid. Esta reforma chega avalada pola bula de Inocencio VIII de 1487, *Quanta in Dei ecclesia*, cuxas disposicións desenrolará o reformador designado para o Reino de Galicia, Alfonso Carrillo de Alboroz a partir de 1489, o cal percorrerá todo o territorio valorando as características propias de cada un dos mosteiros ata 1494.

Mediante unha nova bula de confirmación de Alejandro VI, expedida o 31 de xaneiro de 1494, os mosteiros de San Pedro de Fóra e San Paio de Antealtares, con todos os seus anexos, pasan a depender de San Martiño Pinario, comezando unha etapa de incorporación como priorados menores a esta casa matriz compostelán. A proximidade da vila coruñesa e o seu extenso alfoz xurisdiccional, xunto coa integración do patrimonio en Antealtares, supuxo a desaparición da comunidade beneditina de Cambre durante o século XIV, dirixida e controlada desde ese momento pola casa matriz compostelán, o que facilitará nun futuro inmediato a súa incorporación a San Martiño Pinario.

O novo responsable da reforma, enviado polos monarcas a Galicia, frei Juan de San Juan de Luz, visitou os mosteiros e priorados do territorio de Nendos, actual comarca das Mariñas, no mes de novembro dese ano; o día 5 San Salvador de Bergondo, o 6 San Salvador de Cines, o 7 Santa María de Cambre e o 8 San Tomé de Monteagudo. Así, en presenza do representante e outros oficiais, redacta e asina acta de toma de posesión do mosteiro de Cambre, xunto cos froitos, rendas, vasalos e xurisdición, e a súa unión á Congregación de San Benito de Valladolid, datada o 7 de novembro de 1494.

E después desto, este mismo día, que fueron siete días del dicho mes de noviembre, del dicho año del Señor, de mil e quattrocientos e noventa e quatro años, en el monasterio de Santa María de Cambre, que hes

de la dicha horden de San Benito, en la diócesis de dicho obispado de Santiago de Compostela, estando ay presente el dicho reverendo padre y señor, don fray Juan de San Juan, prior general e reformador susodicho, en presencia de mí, notario e testigos yusoescriptos. E dixo que le sometya e sojuzgaba e sometió e sojuzgó a la observança regular de la dicha Horden de San Benito [...] e asimismo luego que tomaba e resçibía e prendía e cómo resçibió e prendió la tenencia e posesyón, actual real e corporal vel quasy, del dicho monesterio e de todos sus anexos e conexos e de todos los frutos e rentas dellos. E asymismo de todo el señorío e juridição del dicho monesterio e de los vasallos de él, e de todas las otras cosas a él devidas e pertenesçientes, así espirituales como corporales, e que resçibía e resçibió la presidença e señorío del dicho monesterio con lo a él pertenesçiente, así en lo espiritual como en lo temporal¹⁰.


Fernando Bermúdez de Castro, arcediago de Nendos

No ano 1487, entra na órbita do mosteiro de Cambre un personaxe que acadará gran protagonismo nas décadas posteriores. Nese ano, o papa Inocencio VIII asina unha bula pola que Fernando Bermúdez de Castro, señor da Casa de Montaos, arcediago de Nendos desde 1457 e abade de Antealtares, renuncia a este último oficio para posuír, como comendador a perpetuidade, o mosteiro de Cambre con todas as súas posesións, rendas, dereitos e beneficios eclesiásticos. Este membro da nobreza, nacido en 1430, era fillo de Pedro Bermúdez de Montaos, administrador de numerosas posesións, e de Leonor de Castro, da familia dos condes de Lemos.

En 1465 recibe a encomenda do mosteiro de San Mamede de Seavia, en 1469 o nomeamento como abade do mesmo, e en 1489 a dignidade de deán do cabido catedralicio compostelán mediante bula de Inocencio VIII. Co beneplácito e

10 AHN. Clero. Leg. 7706. *Acta de toma de posesión do mosteiro de Santa María de Cambre e a súa unión á Congregación de San Benito de Valladolid, feita polo prior frei Juan de San Juan de Luz, o 7 de novembro de 1494.*

lexitimación dos Reis Católicos, foi nomeado, mediante bula de Alejandro VI de 1494, primeiro abade da Colexiata de Santa María do Campo da Coruña, da que xa era prior por bula de Sixto IV desde 1477, converténdose nun dos personaxes mais poderosos da súa época, provendo beneficios e xurisdición ordinaria no territorio de Nendos.



Emblemas da Colexiata de Santa María do Campo, A Coruña. S. XV.

No contexto desta imparable carreira eclesiástica, en 1485 o papa Inocencio VIII confirma e concédelle a perpetuidade o control do mosteiro de Santa María de Cambre, ata ese momento en réxime de encomenda persoal de Bermúdez de Castro desde 1457, baixo dominio de Antealtares; incluíndo xurisdición civil e criminal, dereitos de presentación, beneficios, rendas e calquera outra tenencia ou posesión dependente do mesmo.

Dilectus filius Fernandus Bermudi de Castro archidiaconus de Nendos. Nos praefato Fernando monasterium beatae Mariae de Cambre ordinis et dioeceseos praedictorum, quod dicto monasterio Sancti Pelagii perpetuo canonice unitum existit, cum iure praesentandi personas idoneas ad Omnia et singula beneficia ecclesiastica cum cura et sine

cura, quae ad praesentationem abbatis monasterii Sancti Pelagii pro tempore existentis ratione eiusdem monasterii beatae Mariae spectant sive pertinente, ac omnibus aliis iuribus et pertinentiis videlicet ac Faro [...]. Ad dicta monasteria spectantibus et pertinentibus eundem Fernandum quos viveret libere tenenda, possidenda, levanda et usufructuanda alias eidem et iure, quibus abbates dicti monasterii Sancti Pelagii qui pro tempore fuerunt illa tenere, sidere et fructus levare consueverant¹¹.

Como resultado da *Reforma Observante*, Bermúdez de Castro viuse na obriga de asinar un documento en 1498 co representante de San Benito de Valladolid, frei Rodrigo de Valencia, polo que os patrimonios dos cenobios de Cambre, Soandres e Monteagudo reverterían ó reformado mosteiro de San Martiño Pinario tralo seu falecemento. Vendo en perigo unha parte importante do patrimonio vencellado á Casa de Montaos, decide incorporar Santa María de Cambre á Colexiata da Coruña en 1509, o que provocará primeiro protestas, e mais tarde un dilatado e gravoso preito cos representantes beneditinos de San Martiño Pinario, todo un indicativo da importancia e interese económico-patrimonial desta entidade para ambas partes.

Neste ámbito cronolóxico, entre finais do século XV e comezos do XVI, a xurisdición do mosteiro de Cambre abranguía un extenso territorio herdado de séculos de doazóns baixo a dependencia de Antealtares, no que exercía a xurisdición civil e criminal sobre os vasalos, nomeaba xuíces para administrar xustiza e percibía numerosas rendas, dereitos e beneficios. Estaba formado por varios coutos que incluíán as parroquias de Santa María de Cambre, San Xiao de Cela, San Xoan de Pravio e o barrio de Meixigo como centro xeográfico; San Xiao de Barrañán e Santo Estevo de Morás cara ó oeste, e San Xoán de Callobre ó leste, ademais do padroado de San Xoan de Anceis e Santiago de Sigrás, no camiño de Compostela.

11 Velo Pensado, 2023: 25, nota 46. ACC, Pergamino 59.


Tenía dentro del dicho monasterio de Cambre e en la torre della çepo y cadena y cárçele donde se prendían e castigaban los vecinos de los dichos cotos y lugares y los que en ello y en cada uno dellos delinquían habido en el dicho tiempo al dicho don Fernando como prior comendatario de dicho monasterio de Cambre e a sus jueces e oficiales haciendo audiencia pública los sábados de cada semana en las gradas e cruz del cimiterio de la dicha iglesia de Cambre según se hace hoy en día a la qual venían como ante su juez competente en porque los vecinos de los dichos cotos de Barranao e Callobre e Moraas tenían su juez e merino que del dicho don Fernando, prior poseedor del dicho priorato de Cambre en ellos le ponía e conoscía dellos e sus causas e exercía con ellos la dicha jurisdicción çivil e criminal¹².

Na súa pretensión de acadar oficialmente o dominio sobre os mosteiros de Cambre e Monteagudo, Fernando Bermúdez de Castro acude ó amparo do papa Xulio II en 1508, quen llo concede sobre o segundo deles, deixando o primeiro para negociar un concerto e concordia entre as partes, formulación ratificada por León X en 1512. Mais con todo, a Colexiata coruñesa tomou posesión efectiva do mosteiro de Cambre, con todos os seus dereitos e pertenzas, baseándose nos documentos outorgados polos citados papas, confirmando a unión e incorporación ó seu capítulo. O 2 de xullo de 1509, o papa Xulio II asina unha escritura de unión do priorato regular de Cambre por renuncia de Bermúdez de Castro, confirmando así a súa incorporación, xunto co de San Tomé de Monteagudo, á mesa capitular da Colexiata.

Algunhas dignidades eclesiásticas da Colexiata, encabezadas polo propio prior Juan Alonso de Pravio, non estaban conformes coa anexión, alegando en setembro de 1510, entre outras circunstancias, falta de poder específico para facelo e a preceptiva comunicación ó capítulo, polo que revogaron o citado dereito pretendido. Esta iniciativa non prosperou,

12 Velo Pensado, 2023: 19, nota 29. ACC, 229.3. *Secresto jurisdiccional de Santa María de Cambre y Santo Tomé de Monteagudo, 1519-1520*. 4 de marzo de 1520, fol. 23r-25r.

polo que mediante documento de escritura notarial datado o 8 de febreiro de 1511, Fernando Bermúdez de Castro, como posuidor a perpetuidade, asume a liberdade para a cesión e doazón das rendas, froitos e posesións do mosteiro de Cambre a favor da Colexiata da Coruña, na persoa do seu abade e mesa capitular.




Sepulcro do prior Juan Alonso de Pravio na Colexiata da Coruña. 1512.

Demanda de San Martiño Pinario ante a Real Audiencia

O abade de San Martiño Pinario, como representante da casa matriz de San Paio de Antealtares, en vista da anexión do mosteiro de Cambre á Real Colexiata de Santa María do Campo por parte do encomendeiro Fernando Bermúdez de Castro, acode á xustiza da Real Audiencia de Galicia e a alta instancia da Chancillería de Valladolid, por entender esta circunstancia de enorme agravio e dano para a institución que representa. Ante esta pretensión, xustificada pola secular pertenza e filiación ó mosteiro compostelán, o monarca Fernando o Católico ordena á Real Audiencia, en maio de 1513, a revisión das bulas e documentos aportados pola Colexiata para anexionarse o mosteiro de Cambre, deixando pendente calquera decisión. A pesar deste rexio mandamento e

faltando ó seu obrigado cumprimento, o 12 de agosto de 1513 preséntase en Cambre o cóengo de Santa María do Campo, García Fernández Porra o cal, amosando unha bula papal de Xulio II, tomaba posesión e ratificaba os dereitos sobre esta institución.

En 1514, o corrixidor da cidade da Coruña, Pedro de Luxán, presenta ante os representantes da Colexiata e demais testemuñas oficiais, unha cédula do monarca don Fernando, datada en Sevilla o 4 de maio de 1511, na que lles recriminaba a posesión que fixeran de Cambre en contra do ordenado en nome seu pola Real Audiencia, en tanto non se resolvese a pretensión formulada polos beneditinos de San Martiño Pinario. Neste contexto de incerteza xurídica, era crecente o número de voces, eclesiásticos da propia Colexiata comandados polo prior Juan Alonso de Pravio, oficiais da Real Audiencia e os propios beneditinos, que sospeitaban da autenticidade dos documentos papais ou, cando menos, da súa consecución por medios lícitos para xustificar a posesión de Cambre.



Escudos do sepulcro de Fernando Bermúdez de Castro na Colexiata. 1515.

O falecemento de Fernando Bermúdez de Castro, ó pouco de redactar o seu testamento datado o 11 de xaneiro de 1515, non diminuirá a demanda de propiedade a favor da Colexiata, agora por parte dos arcebispos composteláns Alonso de Fonseca e Juan de Tavera, como proclamados herdeiros dos

dereitos, rendas e xurisdición sobre o mosteiro de Cambre. Nesta situación, os representantes de San Martiño Pinario toman posesión de Cambre, agora convertido en priorado, despois de acadar un decreto de inhibición ante as demandas da Colexiata en 1518. Esta posesión foi redactada na propia parroquial de Cambre o 12 de febreiro de 1519 polo abade de San Martiño Pinario, frei Arias de la Rocha, e posteriormente comunicada ás autoridades eclesiásticas da Colexial coruñesa seis días despois para xeral coñecemento, constancia e notificación.

1519. In nomine domini Amén. Sepan quantos este público instrumento de suspensión vieren como dentro del coro de la Collegial Yglesia de santa María del Campo de la noble çibdad de la Coruña día viernes saliendo de misa mayor diez y ocho días del mes de febrero año del nascimiento de nuestro Salvador Ihesuchristo de mill e quinientos e diez e nueve años estando juntos en el dicho coro los venerables señores Rodrigo de Dejo rector de la dicha yglesia e juez e procurador de la dicha yglesia e Pedro García e Pedro Maula e Jacome Vidal canónigos de la dicha yglesia paresció ende presente Antonyo de Villa procurador substituto del abbad monjes e convento del monasterio de sant Martyn de la noble çibdad de Santiago con sus anexos e por poder que tiene por ante mí notario del qual su tenor es este que sigue.


In nomine domini Amén. Sepan quantos este público instrumento de poder e substitución vieren como en el monasterio de santa María de Cambre de la horden de sant Benito a doze días del mes de febrero año del nascimiento de nuestro Salvador Ihesuchristo de mill e quinientos e diez e nueve años el reverendo señor don fray Arias de la Rocha abbad del monasterio de sant Martyn de la noble çibdad de Santiago con sus anexos por sy y en nombre del prior monjes e convento del dicho su monasterio e por virtud del poder bastante que dixo dellos tenía e en la mejor forma vía modo e manera que podía e debía de derecho daba e dio todo su poder cumplido bastante libre e llenero según que lo avía e tenía e mejor e mas complidamente lo podía e debía de otorgar e constituir a

*Diego López de Valboa procurador de causas en la audiencia Real
deste Reyno de Galizia e Antonio de Villa familiar del dicho mones-
terio y a cada uno dellos in solidum no faziendo la condición del
uno mayor ny menor que la del otro mas lo quel uno començase el
otro lo pueda mediar fenesçer e acabar para que por y en nombre
del dicho monesterio e anexos podiesen e cada uno dellos pueda
yntimar e notyficar e yntymasesn e notyficasen a los señores abbad
prior canónigos e beneficiados e cabildo de la yglesia Colegial de
santa María del Campo de la noble çibdad de la Coruña e personas
particulares della cierta citación e ynybiçión del muy reverendo
señor Guillermo Cassador auditor de Rota en corte de Roma e
para hacer todos los autos pedimyentos requerimyentos citacyones
protestacyones e diligencias que convenyesen¹³.*

Secuestro do priorado de Cambre

A nova estratexia dos cóengos da Colexial da Coruña, foi acadar un mandamento de secuestro de todos os bens, rendas, couto, vasalos, décimos, foreiros, dereitos e calquera outra pertenza ou anexo dos priorados de Santa María de Cambre e San Tomé de Monteagudo, recorrendo ó amparo do arcebispo compostelán Alonso de Fonseca. O documento de decreto, redactado polo auditor Martín de Espinosa en maio de 1519, nomeaba como oficiais secuestradores ós cóengos da catedral Pedro Gómez e Juan de Lemos, áinda que na transcripción da acta de execución, que veremos, comezada nas dependencias do priorado de Cambre a partir do 7 de setembro dese ano, figure unicamente o segundo deles.

13 AHUS, CLERO 681. San Martiño, Caixón 29 F, nº 70, fol. 10.



AHUS. Executoria do preito entre a Colexiata e San Martiño Pinario. 1519.

Execución de unas letras ynibitorias y citatorias de los SS. Auditores del Sacro Palacio Apostólico en el Pleito que el Real Monasterio de San Martín de Santiago litigó con la Iglesia Colegial de Santa María de Campo de la Ciudad de La Coruña sobre la pertenencia del Priorato de Santa María de Cambre con todo lo a él anejo. Año 1519.

Está a su continuación el secuestro que en este pleito se hizo de los Prioratos de Santa María de Cambre y San Thomé de Monte Agudo. En virtud de Provisión y Bulla de secuestro de dichos SS. Auditores del Sacro Palacio Apostólico, de que fue Juez executor Juan de Lemos Canónigo de la Santa Iglesia de Santiago, y juntamente la posesión que de dichos Prioratos tomó el dicho Juez executor en virtud de sentencia dada contra el Monasterio de San Martín de Santiago¹⁴.

Ante esta situación, os monxes de San Martiño Pinario rexeitaram e recusaron este nomeamento, acudindo novamente á Real Audiencia de Galicia para a defensa das súas pretensíons, ordenando o desprazamento a Cambre de varios oficiais para vixiar as actuacíons previstas. Mais con todo, o 7 de setembro de 1519 comeza o propio acto de secuestro no priorado de Cambre polo citado xuíz eclesiástico Juan de Lemos, en presenza de varios monxes beneditinos e do prior Pedro de Guimaráns que lle fai entrega das chaves, a quen se lles notifican as disposicións que se van tomar e as obrigas ás que quedan suxeitos a partir deste momento, mandamentos que acataron.

1519. Sequestro. Actos primeros fechos en Cambre por el secrestador e como tomó la posesión y secresto.

En el Monasterio de Santa María de Cambre de la diócesis compostelana a syete días del mes de setyembre año del nascimiento de Nuestro Señor Iesucristo de mill e quinientos e diez e nueve años estando presentes los Religiosos padres frey Dyonyssio e frey Pedro de Gymarans e frey Garçía de Betanços e frey Sebastyán de Saagun monges de la Orden de san Venyto estaba en el dicho Monasterio el benerable Señor Juan de Lemos Canónigo en la Santa Yglesia de Santyago juez secrestador Apostólico de la posesyon del dicho monasterio de Cambre e del monasterio de Santo Thomé de Monte Agudo de la dicha diócesis e delos frutos e rentas tierras posesyones e cosas dellos e de cada uno dellos vienes e pertenesçencias a los dichos monasterios en presencia de nuebos notarios públicos e asistido de unos propios dixo

14 AHUS, CLERO 681. San Martiño, Caixón 29 F, nº 70, Portada.

a los dichos feligreses que bien sabían e deberían saber como él hera secrestador delos dichos monasterios e delos frutos e rentas e otras cosas tocantes e pertenesçentes a ellos por vigor de un secresto Apostólico hemanado del muy Reverendo Señor Martín Despinosa auditor de nuestro muy Santo Padre que luego mostró e presentó en el dicho monasterio con bastante que ya avía sydo notyficado al Reberendo e Religiosos Padres el Abad Prior monges e convento del monasterio de San Martín de la çibdad de Santyago contra quien se dirigía y a mayor abundamuento lo yntimaba e notificaba, yntimó e notificó a los dichos Religiosos que presentes estaban e les requería e requirió que los exibyera mandava e mandó so pena de escomunión mayor trina canónyca monyçiones permysa a los dichos feligreses le dexaron la posesión del dicho monasterio e de todo lo que en él estava e de todo lo a él anexo e pertenesçente segund que lo solian poseer los priores que del por tiempo fueran e que saliesen del dándole primeramente cuenta de todas las cosas que en él quedavan por ynventario e luego los dichos Religiosos que presentes estavan dixeron que obedesçían e obedesçieron el dicho sequestro con la Reberencia e Acatamiento que debian como a letras e mandamientos Apostólicos que estaban prestos e aparejados derechos e complidos por el dicho Señor Seqrestador les era requerido e mandado e en lo cumpliendo luego el dicho frey Pedro de Guimarañs monjes presentes una por sy e en nombre e como prior del dicho monesterio de San Martyn dio e entregó al dicho Señor Juez Seqrestador un manojo de llabes del dicho monasterio e de allí se entró con él e con los otros monjes e otros infrascritos para darle cuenta de las dichas cosas que en el dicho monesterio quedavan en la iglesia del dicho monesterio e se fueron luego al Altar mayor e recontaron en la dicha Yglesia las cosas syguyentes¹⁵.

Nesta data, Juan de Lemos toma posesión efectiva do priorado de Cambre, unha vez recibidas as chaves de todas as dependencias e anexos monasteriais, comezando, xunto cos monxes alí presentes, un inventario dos bens e posesións materiais propios e pertencentes a esta institución. O acceso á fonte

15 AHUS, CLERO 681. San Martiño, Caixón 29 F, nº 70, fol. 25-25v.

documental primaria que contén as actuacións de secuestro, depositada no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago e que referendamos ó longo do corpus descriptivo, convértese nunha ferramenta fundamental para coñecer a natureza, distribución e organización do mosteiro de Cambre a comezos do século XVI. A transcripción contida na acta, acada protagonismo como valiosa testemuña documental para compoñer ó detalle a riqueza desta casa, destacando as imaxes relixiosas, retablos, obxectos litúrxicos, mobiliario, biblioteca, vestimenta, roupa de cama e mantelería, todos eles detallados no inventario redactado durante varios días.

Hallose en el Altar mayor la ymagen de nuestra Señora con dos sayas una de lienço con unas çintas e una de çarza.

Dos tablas o retablos de pinçal uno de la Berónica y otro de nuestra Señora.

Un ecce homo en una caxa de madera pintada.

Una caxa de madera dorada en questá el santo Sacramyento.

Un nyño Ihesus chequyto.

Una porta Paz chiquyta de palo que tiene una ymágen de santa Bárbara.

Una cruz de Azofar chequyta con un crucefixo.

Una custodia de madera syn pintura sobre questá en Santo Sacramyento.

Un latril del Altar.

Dos candeleros de Azofar grandes.

Un frontal de sarza con sus frontanelas.

Un Almayzal.

Una Sábana con unas çintas anchas de colores e otras blancas debaxo.

Unos corporales con su percha y paño.

Una arca con unos Ihesus.

En un Altar de la Ydria está la dicha ydria y en ella un frontal de çarzán con otro debaxo que tiene una cruz verde.

Este dicho Altar un frontalejo de algodón de una media qruz colorada con una sábana ençima.

En la capella ante el Altar mayor çinco lámparas debidamente ençendidas.

Otro Altar de Santa Ana a la mano ezquerda con las ymágenes de San Blas e Santo Antón con un candelero pequeño de azofar pegado.

En el dicho Altar ay mas un Almaizar y una sábana con çintas e otra sábana blanca.

Unos corporales con su paño.

Un frontal de lienço con unas çintas coloradas.

Otro Altar en questá el qrucifixo de bulto con una ymagen de San Sebastyán e otra de San Antonyo y una ymagen de nuestra Señora pequeña y un qrucifixo pequeño.

Dos candeleros pequeños de azofar y una porta Paz de madera con una nuestra Señora.

Unos corporales con su paño y una Ara.

Unos manteles Alemanys todos viejos e otros manteles debaxo también viejos.

Un frontal de lienço viejo pintado de Ymágenes.

E fecho lo susodicho el dicho Señor Juez Seqrestador dixo que por quanto era ya muy de noche e non podía entender mas el dicho Recuento que se quedase para otro día mañana e que mandava e mandó que todos se saliesen fuera e que el dende allí tomaba y aprehendía tomó e aprehendió la posesión corporal real abtual sub casi del dicho monesterio e casa de Santa María de Cambre con todas las otras cosas a él anexas y pertenesçientes al thenor e filiación del dicho Seqresto para la tener en seqresto según que le hera cometido e mandado e luego los dichos monjes e las otras personas que ende estavan se salieron fuera de la dicha Yglesia e de todo el dicho monesterio e quedó poseedeor del quyeta e paçificamante syn contradiçión de persona alguna, estando presentes Peres Alonso de Calo e Juan Gulio e Ánxel Gonçález e Afonso Peleja e Guillermo Damyna toneleyro.

E después desto en el dicho monesterio al dicho día e del dicho mes se setyembre del dicho año el dicho Señor Seqrestador boluyo a hazer el dicho recuento de las cosas del dicho monesterio presente el dicho frey

Sebastyán de Saagund Sacristán que dio quenta de los ornamyentos y hallose los seguyente.

En la capilla del dicho monesterio estava un candelero grande de fierro para poner candelas a las fiestas.

Un ençensario de azofar.

Un paño de lienço grande que se pone el qrucifijo en la quaresma.

Dos manuales e un mysal complidos compostelanos.

Quatro preças de libros antiguos viejos.

Un caldero viejo de cobre de agua bendita.

En la Sacristía del dicho monesterio están una harca nueva con su cerradura y llave en que se hallaron las cosas seguyentes.

Unos corporales envueltos en un paño.

Quatro aymaçares pequeños.

Siete tocas y mas una que tiene agora nuestra Señora y dos alforxales.

Un frontal de lienço pintado que tiene las insinias de la pasyón.

Tres frontales de lienço con unas tyras coloradas.

Una saya de nuestra Señora que se le pone en la quaresma que tiene unas rosas de papel.

Treze sábanas de lienço grandes y pequeñas para los servicios de los Altares.

Seis manteles grandes para servycio del Altar.

Otros manteles alemanys viejos.

Tres halbas blancas syn faldones.

Mas otra sábana para los Altares.

Seis albas con faldones.

Siete casullas de lienço blancas con sus qruces de colores.

Tres casullas una de tripa de beludo negro con una qruz de brocado e oro de baçán y otra verde xares con su cenefa de bultos.

Una capa de çarzán verde busitada con su cenefa de follaje.

Dos capillas de capas de oro de baçán viejas.

Nueve estolas de diversos colores y ocho manypulos de los mysimo.

Dos cordones de borlas de filo de diversos colores.

Diez çintas de vestimentas.

Ocho amytos dellos guarnezidos.

Un paño de lienço de latril labrado viejo y una alfaial con orellas verdes.

Una sobre pelliz.

Dos cálizes de plomo uno viejo y otro nuevo y otro cáliz de plata blanca y llano todo que podía pesar un marco poco mas o menos.

Una qruz grande de hoja de Flandes que parescía plateada con un qruçifixo de azofar con las ymágenes de nuestra Señora y san Juan y de la otra parte Dyos Padre con su pie de azofar.

Quatro paños de colores.

Una lynterna grande.

Una canpanylla con que lleva el Santo Sacramyento y otra questá encima del Altar Mayor.

En el coro está lo seguyente.

El dicho coro todo fecho de nuevo con doze syllas seys a la una parte e seys a la otra nuevas.

Un latril estante grande.

El dicho coro está cuberto por ençima con dos dozenas de tablas grandes nuevas buenas syn labrar.

Quedo mas en la dicha Sacristía dos pares de vinageras viejas.

Un mysal viejo pintado syn tablas de pergamyno questá en el coro.

Un devucionario de pargamynos viejos con sus tablas syn cuero¹⁶.

As dependencias monacais

De igual xeito que para os bens móbiles relacionados, este documento de secuestro aporta unha descripción dos elementos construtivos e a organización arquitectónica das diferentes estancias do mosteiro que, por mor das diversas disposicións lexislativas desamortizadoras do século XIX, non deixaron testemuña arqueolóxica algunha na actualidade, agás a gran casa reitoral adxacente ó sur da igrexa parroquial. Ademais da sacristía, describe o coro en altura con dúas portas e doce cadeiras, cuberto con táboas de madeira e unha escaleira

16 AHUS, CLERO 681. San Martiño, Caixón 29 F, nº 70, fol. 25v-27v.

de comunicación directa ó patio ou claustro central; cunha estancia contigua e aberta a este espazo, apousento habitual do abade de San Martiño nas súas visitas, no que hai unha figueira plantada.

Relaciona tamén unha bodega na que se asentan as cubas para o viño, producción agrícola de certa importancia e ben documentada noutros priorados da zona das Mariñas, unha cella ou almacén para o gran percibido dos décemos e rendas, unha cociña con cheminea e vertedoiro, e un cortello para os cabalos. Nun andar superior ó que se accede por unhas escaleiras, describe un refectorio para comer a carón do dormitorio, composto de 6 estancias ou celas para os monxes con cadanseu leito de madeira e roupa cobertoira, sobre o que se abre un balcón con 8 fiestras cara á horta, espazo exterior no que se instala unha latrina. Baixo os dormitorios hai abierto un acceso á igrexa, visible na actualidade no lenzo sur do transepto, que permitía unha comunicación directa entre as zonas residencial e litúrxica. O espazo exterior da horta ó que se abren as diferentes estancias, acolle diversas árbores froiteiras, como 10 laranxeiras, dous limoeiros e un limo; xunto cun piñeiro que acada un marcado carácter simbólico, como elemento heráldico propio e diferenciador da Orde Benedictina.

Ay en el dicho coro dos puertas una por donde entran y otra por dentro del syn cerraduras y una en la sacristya con su cerradura y una escalera que sale al patyo en frente de la figuera.

Yten en el dicho monesterio en el patyo a donde solía pasar el padre Abad de San Martyn ay un aposiento en que no ay otro hedificio mas de unas escaleras y una puerta con que se cierra syn cerradura y otra puerta por donde entran al dicho aposiento que no tiene cerradura.

Yten entró el dicho Señor Secretador en una bodega del dicho monesterio en que no halló presente ny persona ny cosa ninguna salvo ciertos quanteros en que se asentaban las cubas y el tejado de la dicha bodega tyene nesçesidad de retejar e tiene la puerta desa bodega un candado con su llave.

Está aparte desta bodega una caballeriza que tiene una puerta por donde entran a ella syn llave e syn cerradura con otra puerta que sale a la huerta con su cerradura.

Está en frente de la dicha bodega una cozina con su hemynea de tablas con un vertedero de madera y con dos puertas y la una sale para una cámara que se llama çillero que no tyene otra nynguna cosa salvo una puerta con su cerradura.

Yten subiendo para el dormitorio ay una cámara fecha en el suelo cerrada con doze tablas pequeñas con su lecho de tablas dentro que tiene una puerta syn cerradura. La puerta por donde suben al dicho dormitorio ay una puerta que tiene dos ferrojos y una cerradura.

Ençima antes del dormitorio ay un reectorio pequeño en que ay una mesa de comer con unos asentamientos al derredor y ay en él unos almarios syn cerradura y la puerta del dicho reectorio también está syn cerradura.

Ay el dicho dormitorio que tiene seys çeldas tres de cada parte todas nuevas labradas llanas trazadas por la regla syn nynguna labor y en cada una ay su lecho de tablas syn ropa y cada una tyene su puerta syn cerradura.

Subiendo del dormitorio ay un balcón con sus bentanas que responden a la huerta que son ocho bentanas y una es pequeña y tiene una puerta por donde entran a él syn cerradura y a un canto del ay una latrina con su puerta syn cerradura.

Entrando a la huerta está una puerta con su cerradura y llave. Entrando en la huerta ay diez pies de naranjos grandes y dos limoeyras nuevas y un limo y un pinero grandes. Entrando para la yglesia por debaxo del dormitorio ay una puerta con su cerradura y llave y entrando a dentro dos confesyonarios hechos de tablas nuevas con sus

rexas de forja de Flandes y otra puerta que sale a la iglesia junto a los dichos confesonarios¹⁷.



Horta de Santa María de Cambre.

Unha vez rematado o inventario de bens e dependencias, Juan de Lemos procede a certificar o secuestro e posesión, comunicando ó abade, prior e monxes de San Martiño Pinario, xunto ós cóengos da Colexiata da Coruña, a obriga do cumprimento das disposicións acordadas. Desde este momento, a xestión das dependencias monacais, froitos, rendas e demás dereitos pertencentes á xurisdición de Cambre, quedan suxeitos ó control directo do xuíz secuestrador.

Acto de posesión y secresto.

Luego contynuase el dicho Señor Juez Secrestador e fecho e acabado el dicho ynventario dixo que por la Abtoridad Apostólica a él cometyda de que esta presente usara secrestación e secrestó la dicha iglesia de santa María de Cambre con todas las cosas sobredichas y con mas las casas e bodegas e huertas del dicho monesterio e con todas las

17 AHUS, CLERO 681. San Martiño, Caixón 29 F, nº 70, fol. 27v-28.

otras cosas al dicho monesterio de Cambre anexo e pertenesciente al thenor e forma del dicho secresto e dixo que mandava e mandó so pena descomunyón mayor trina canónyca monyçiones permysas todas e qualesquier personas de qualesquier ley e condición e estado que sean en especial a los dichos Abad e prior e monjes e convento del dicho monesterio de san Martyn de Santiago e al Abad e prior canónygo de la yglesia de santa María do Campo de la çibdad de la Corunna e a cada uno dellos que de aquy adelante en nynguna manera no se entrometyesen directa ny indirectamente a entrar ny usar del dicho monesterio casas ny puerta del ny tocar en los bienes ny en las cosas de la dicha yglesia e monesterio ny en las rentas e frutos e bienes e todas las otras cosas a él pertenescientes del so la dicha pena lo que todo dixo quel mandava e mandó compliesen e guardasen e no fuesen contra ello por maña alguna otras personas poderosas e Lopo Sanchiz e Fernán de Ayrea uso del dicho coto de Cambre¹⁸.

Os vasalos e fregueses do couto de Cambre foron convocados na propia igrexa do mosteiro e notificados do secuestro e posesión, advertíndolles das penas por non obedecer estes mandatos e lembrándolles as obrigas ás que todos eles estaban suxeitos. Juan de Lemos incidía en que debían continuar pagando as rendas, froitos e dereitos de igual xeito que ata ese momento, mentres non fose oficial o alzamento do secuestro e se ditaminase o perceptor definitivo. A redacción deste documento de referencia, achéganos unha fonte de información de primeira orde para coñecer a poboación de Cambre en 1519, xa que relaciona os vasalos e fregueses dependentes do couto xurisdiccional. Aínda que nomea algúns como ausente, e outros poderían residir noutros lugares da contorna, a relación nominal ascende a 52 persoas, entendidas como cabezas de familia, polo que deducimos un conxunto de poboación en número elevado para esta época; de aí tamén as pretensiós de ambas institucións eclesiásticas por acadar o control do mosteiro e as rendas asociadas ó mesmo.

18 AHUS, CLERO 681. San Martiño, Caixón 29 F, nº 70, fol. 28-28v.

O mosteiro de Santa María de Cambre, epicentro das loitas polas rendas e dereitos eclesiásticos entre os séculos XV e XVI



Adro de Santa María de Cambre.

Mais con todo, tomaremos estas afirmacións coa debida cautela xa que, poucos anos despois, os datos censuais de 1527 relativos ós veciños *pecheros* do couto de Cambre obrigados a atender os servizos da monarquía, redúcense a 29; cantidade distante dos 109 recollidos no posterior Censo de Castela de 1591, dos que 103 eran *pecheros*, 3 fidalgos, 1 do clero secular e 2 do regular. Circunstancias como as pragas de peste ou as constantes levas obrigatorias do exército, entre outras, convértense en factores de flutuación da poboación en períodos relativamente curtos de tempo¹⁹.

19 INE (2008). *Censo de Pecheros. Carlos I. 1528* (Tomo I). Madrid. Intendencia de Coruña-Betanzos, pp. 147-161.

Acto fecho a los feligreses y vasallos de secresto y posesión estando presentes.

E después de lo suso dicho estando dentro del dicho monesterio de Cambre el dicho día e dichos días del dicho mes de setyembre del dicho año de quynientos e diez e nuebe anos estando personas en la dicha yglesia que ende se ayuntaron por mandado del dicho Señor Juan de Lemos Juez Secretador Fernando del Burgo Fernando Queixero e Fernando de Arcay e Juan Calviño e Pero Afonso e Nuno Gómez e Fernán de Ayroa e Pero Basallo e Lopo de Ayroa a Juan de Ayroa e Juan García e Pero Rodrígues e Juan Gonçález e Ruy Basallo e Pero de Arcay e Vasco de Cambre e Vasco Gómez e Juan de Casal e Jacome de Meyxigo e Ruy de Ponte e Pedro de Cryonne e Fernando Tiçón e Ruy de Meyxigo e Juan Trigo e Pedro de Cabo e Pedro de Casal e Juan Angúlez e Afonso Gómez e Afonso de Amyl e Gregorio Manso e Francisco Martynez e Fernando Queyxero e Fernando Melyan e Gonzalo da Pena e Gonzalo Rodríguez e Gonzalo de Coroto e Fernando Soneyra e Vasco González e Álvaro Nunes García e Vasco Rodríguez e Vasco Gómez e Gonzalo de Peyraio e Juan Andrez e Guillermo de Ponte e Lopo Ferrero e Jacome de Ponte e Juan de Pravio e Álvaro Cortés e García Álvarez e Gómez Gonçáles e Ruy de Germade e Ánxel Gonçáles feligreses e basallos del dicho coto de Cambre el dicho Señor Juez Secretador portador del dicho secresto e comysyón dixo que intimaba e yntimó e notyficaba e notyficó el dicho secresto e comysyón a los dichos feligreses e basallos e renteros del dicho monesterio e coto de Cambre asy a los presentes como a los absentes e les declaró el efecto del e declarado por la Abtoridad Apostólica a él cometida de que esta preusaba dixo que le mandava e mandó so pena descomunyón mayor trina canónyca monycción e permysón la qual dende agora para entonces dixo que promulgava e promulgó e ponya e puso en los sobredichos e en cada uno dellos lo contrario faziendo que de aquy adelante ellos ny qualesquier dellos ny los otros absentes ny alguno dellos directe ny yndirecte no obedesçiesen ny acodiesen ny fiziesen acodir con frutos ny rentas ny otros derechos al grano o pertenesçientes a basallos del dicho monesterio de santa María de Cambre ny a otra persona alguna salvo al secrestador quel para ello nombrase e deparase durante el

dicho secresto e fuera entanto que por el nuestro muy santo Padre o por sus Abdidores el dicho secresto fuese alçado e relaxado e questo les mandava e mandó que fiziesen e compliesen e obedesçiesen e servyesen e pagasen según como lo fizieron e pagaron e syrvyeron e obedesçieron a los priores que fueron del dicho monesterio hasta aora.

Lo qual todo les mandó so la dicha pena e de veynte myll aplicados para la cámara Apostólica a cada uno de los rebeldes ynobedientes que lo contrario fiziesen e quedose el que secresta con el secresto e tomó en sy el dicho monesterio con todas las rentas e frutos e cosas del e con todo lo a él anexo e pertenesçente conforme al thenor del dicho secresto los quales lo vyeron vivos estando a ello personas presentes Ruy Barela e Pero de Casal e Pero Martynez vasallos del dicho coto de Cambre²⁰.

Resolución do preito e remate do secuestro


Os meses posteriores foron testemuñas de diversos actos de rebeldía e axitación en contra do acatamento das disposición do secuestro, nomeando ambas partes do litixio, Colexiata e San Martiño Pinario, oficiais propios para xestionar e dirixir o mosteiro de Cambre. A Real Audiencia de Galicia, en vista das graves repercusións que podería xerar o suposto, e denunciado, encastelamento da igrexa con homes armados chegados a Cambre a pedimento de Juan de Lemos, ordenou en xullo de 1520 da man do Capitán Xeneral do Reino, Pedro López de Ayala, conde de Fuensalida, o envío do oficial Gonzalo de Nájera para apoucar ás partes e administrar xustiza.

Continúan así durante varios anos os litixios coa achega de documentos por ambos pretendentes ata a definitiva sentencia arbitral, cuestións que resultaron altamente gravosas nas contas de ambas institucións. Un primeiro achegamento surde coa presentación dun intento de concordia, auspiciada polas altas ins-

20 AHUS, CLERO 681. San Martiño, Caixón 29 F, nº 70, fol. 28v-30.

tancias eclesiásticas de Roma e que, pola contra, non acadará o consenso pretendido entre as partes. Non será ata xaneiro de 1536 cando comece o trámite do que será o acordo definitivo, mediante resolución en firme, concedendo os dereitos sobre o couto de Cambre a San Martiño Pinario, e os correspondentes a San Tomé de Montegaudo a favor da Colexiata de Santa María do Campo, suspendendo todas as actuacións de litixio e preitos abertos nos diferentes tribunais.

O documento de concordia definitivo foi asinado o 2 de marzo de 1536 nas dependencias do mosteiro de San Martiño Pinario en Santiago, por parte do seu abade Francisco de Madrid acompañado dos demais monxes adscritos ó mesmo; xunto cos representantes da Colexiata da Coruña, Jorge Vázquez de Costa, Juan López de Pravio e Alfonso López. A certificación da validación deste acordo foi confirmada mediante bula do papa Paulo III asinada en Roma o 26 de novembro dese ano, poñendo fin a varias décadas de litixios e preitos pola posesión do mosteiro de Santa María de Cambre, que permanecerá como priorado baixo o dominio da orde beneditina ata a súa definitiva disolución e exclaustración, acontecida cos decretos desamortizadores desenrolados no século XIX²¹.



Escudos de San Martiño Pinario en Cambre, priorado e fonte do Abade.

21 Velo Pensado, 2023: 83.

Conclusións

A incerteza e desconcerto iniciais provocados pola reforma do monacato decretada polos Reis Católicos a finais do século XV, convértense en factores determinantes, e por suposto nun aliciente, para intentar acadar as rendas e posesións dos mais poderosos por parte dos principais actores eclesiásticos. Sintetizando a idea central de aportar unha visión renovada sobre o caso concreto do mosteiro de Cambre, secularmente baixo o dominio de San Paio de Antealtares, observamos a súa progresiva conversión nun prolongado e custoso proceso, en obxecto de poxa e litixio entre a Colexiata da Coruña e San Martiño Pinario de Santiago. O recurso a instancias superiores de natureza heteroxénea, como son a autoridade papal de Roma, desde a Colexial, e á Real Audiencia de Galicia por parte do mosteiro compostelán, chega ata o punto de ter que intervir o propio monarca Fernando para acadar un consenso.

A fórmula de secuestro dos froitos, dereitos e posesións do mosteiro e couto de Cambre por parte das autoridades eclesiásticas composteláns, achéganos unha información de primeira man sobre os variados bens móbiles, obxectos e imaxes de culto propiedade desta institución a través dun detallado inventario; ademais dunha visión arquitectónica e organizativa das dependencias que compoñen o conxunto monacal e, polo tanto, da vida cotiá dos monxes que residen e administran o mesmo. De igual xeito, o acceso ás fontes documentais primarias que analizamos, permítenos coñecer o volume da poboación de vasalos dependentes do mosteiro, cantidade que consideramos elevada para un asentamento de carácter rural, o que por outra banda xustifica o dilatado litixio por posuír un dominio que aportaría un alto porcentaxe de ingresos a ambos pretendentes. Con esta breve contribución, deixamos aberta unha liña para futuras investigacións, coa achega de novas fontes documentais que permitan afondar en aspectos de natureza social, económica, política, arquitectónica, artística ou cultural, vencellados a un dos mosteiros beneditinos mais importantes e antigos de Galicia.

ARQUIVOS E BIBLIOGRAFÍA

ACC. Arquivo da Colexiata de Santa María do Campo. A Coruña.

AHUS. Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela.

ARG. Arquivo do Reino de Galicia. A Coruña.

BERNÁRDEZ, Ramón (1892). *Reseña histórica y descriptiva de Sta. María del Campo de la ciudad de La Coruña*. Tuy, Biblioteca de la Integridad.

LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1999). *El archivo del monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*. Sada, A Coruña, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos.

LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (2001). *San Paio de Antealtares, Soandres y Toques: tres monasterios medievales gallegos*. Galicia Medieval: Fontes. Sada, A Coruña, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos.

PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier (2012). «Los inicios de la reforma observante en el reino de Galicia: la obra de don Alfonso Carrillo de Albornoz, obispo de Catania, entre 1487 y 1494», en *Rudesindus*, 8. Lugo, Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo, pp. 115-134.

PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier (2019). «Los monasterios del reino de Galicia entre 1075 y 1540: de la reforma gregoriana a la observante», en *Anejos de Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLVII. Santiago de Compostela, CSIC, Xunta de Galicia, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.

VELO PENSADO, Ismael (2023). *La admiración por Cambre. La Colegiata de Santa María del Campo y San Martín Pinario al principio de la Edad Moderna*. A Coruña, Archivo de la Colegiata.

VILA DA VILA, Margarita (1999). *La iglesia románica de Cambre*. A Coruña, Concello de Cambre.